

Minorías culturais. Combater a discriminación

A construción dunha sociedade máis xusta e democrática esixe un compromiso por parte dos centros. Os proxectos educativos deben recoller principios orientados a conseguir unha educación multicultural equilibrada. Cómpre, ademais, deseñar propostas concretas, que teñan como eixe a atención á diversidade de todos os colectivos e a formación de actitudes non discriminatorias nos alumnos. A formación inicial e permanente dos docentes revélase fundamental neste labor, e os mediadores interculturais, un recurso de primeira orde.

“Cuando de repente en mitad de la vida llega una palabra jamás antes pronunciada, una densa marea nos recoge en sus brazos y comienza el largo viaje entre la magia recién iniciada.”

“Summa de Maqroll el Gaviero” de Álvaro Mutis

Juan José Bueno Aguilar
Universidade da Coruña
juanj@udc.es

Palabras clave

Educación multicultural, discriminación, convivencia pacífica, culturas minoritarias, atención á diversidade.

A educación multicultural non é, nin se debe identificar coa mera educación de inmigrantes ou colectivos minoritarios, senón coa formulación de estratexias para combater a discriminación cara a outras culturas en calquera situación e contexto. Máis ben, a educación nun ámbito no que conviven varias culturas, debe procurarlles a todas as persoas o desenvolvemento de actitudes e competencias que lles permitan convivir e participar democraticamente.

Para logralo a educación multicultural, ou intercultural, tanto ten xa como a denominemos, debe incluírse no proxecto educativo do centro e

desenvolverse con actuacións concretas. Como punto de partida non deberiamos esquecer que resulta determinante o modelo teórico que a sustenta, e as liñas de traballo que se adoptan para solucionar os problemas de discriminación que se poidan producir, tanto no centro, como na sociedade, en xeral.

Dende esta perspectiva, deben formularse liñas de intervención e propostas educativas, nas que a valoración das linguas minoritarias e dos seus códigos simbólicos teñan un lugar no centro e na aula. Iso implica o estudo profundo da cultura e das súas



representacións sociais, así como a adopción dalgunhas propostas concretas contra o racismo, a discriminación e a segregación; o estudo e a análise dos novos racismos; a comunidade multicultural; a universidade interétnica; e, como non, a influencia da nova realidade mediática.

Na sociedade actual os novos racismos e a discriminación cara ás persoas dos colectivos minoritarios e marxinais, maniféstanse cada vez de xeito máis evidente. Por esta razón, as abordaxes propostas resultan imprescindibles nos ámbitos de estudo e de traballo. A realidade mediática adquire, cada vez máis, unha maior relevancia. De aí que sexa preciso reflexionar sobre o tratamento que se dá deste tema nos medios, e analizar os clichés e estereotipos que, arredor dos colectivos minoritarios, se fan na construción de informacións xornalísticas, ou na mesma publicidade.

Por outra banda, resulta relevante formular unha análise exhaustiva de todas aquelas cuestións importantes que contribúen á construción da nova realidade multicultural. Neste sentido habería que considerar a necesidade de elaborar pautas que contribúan á formación de individuos competentes que han de moverse nunha sociedade plural, multicultural e democrática; que favorezan unha convivencia pacífica, impulsen o desenvolvemento conxunto de todos os colectivos, e poidan facer fronte ao tratamento de calquera discriminación ou racismo.

Pautas de intervención para combater a discriminación

Para levar a cabo propostas educativas que contribúan a construír as bases dunha sociedade plenamente multicultural resulta imprescindible formularse unhas preguntas e buscar as respostas que mellor acaian a cada

Cómpre elaborar pautas que contribúan á formación de individuos competentes que han de moverse nunha sociedade plural, multicultural e democrática

situación. Estas preguntas deberían referirse a aspectos fundamentais sobre:

- Que significan exactamente cada un dos obxectivos que propoñemos no desenvolvemento dunha práctica educativa, enfocada a combater a discriminación.

- Como pretendemos atinxir os obxectivos, ou as intencións propostas, e o modo de desenvolver actividades encamiñadas a conseguir os nosos propósitos.
- Quen será, ou quen serán, os responsables de levar a cabo as propostas formuladas, ademais de analizar todo o que aconteza durante o seu desenvolvemento.
- Cando se realizará a proposta nun sentido amplo, especificando a temporización e o desenvolvemento pomenorizado das actividades.
- Cales son os criterios de avaliación que determinarán o grao de consecución, ou non, da proposta que deseñamos.

Todas estas preguntas e as súas respostas, como explica Stella Dadzie (2004), teñen como fin primordial combater o racismo e a discriminación, e levar a cabo unha análise meticulosa de todas aquelas cuestións que levan consigo unha planificación detallada da acción educativa para combater calquera tipo de discriminación.

Os medios de comunicación constrúen discursos relevantes que discriminan adoito os grupos minoritarios. Os alumnos deben aprender a analizar e a reconstruír estes discursos, e estudar en profundidade as linguaxes que propoñen. Pola súa banda, os centros deben xuntar os seus esforzos para desenvolver no alumnado estratexias que lles permitan cuestionar tales discursos.

É necesario, así mesmo, darlles voz directa aos grupos minoritarios para que poidan expresar, de forma clara, cales son os seus intereses e necesidades, sen que existan mediadores que traduzan as


súas reflexións ou desexos. Por outro lado, cómpre estudar e comprender as linguaxes e códigos destes grupos, así como as súas pautas culturais, para aceptar esta diversidade e evitar calquera tipo de discriminación. Ben entendido

Os medios de comunicación constrúen discursos relevantes que discriminan adoito os grupos minoritarios

que as manifestacións culturais deben ter sempre cabida no marco dos Dereitos Humanos.

Non se trata de elaborar estratexias puntuais que teñen a virtualidade de solucionar problemas conxunturais, pero faltos dunha visión máis ampla e complexa da realidade que nos tocou vivir, senón de construír discursos multiculturais e integradores de longo percorrido. Neste sentido, os mediadores interculturais xogan un papel moi importante ao dispoñer de competencias específicas nas distintas culturas coas que traballan.

Aínda así, o compromiso debe ser asumido por toda a comunidade docente,





Non se trata de elaborar estratexias puntuais para solucionar problemas conxunturais, senón de producir discursos multiculturalais e integradores de longo percorrido

de aí a importancia dunha formación do profesorado adecuada, tanto na fase inicial como na continua. Unha formación que o dote das ferramentas necesarias para combater a discriminación e que lle permita desenvolver as estratexias máis axeitadas para solucionar os diferentes problemas que, sobre discriminación e racismo, puidese atopar no seu traballo cotián. Non se debe obviar o difícil e complexo que resulta elaborar estratexias educativas para facer fronte, tanto aos estereotipos e prexuízos, como ás situacións de violencia racista que se producen no sistema educativo; e moito máis difícil aínda, as que se producen na sociedade, en xeral.

Con frecuencia, as persoas que discriminan os grupos minoritarios utilizan estratexias de desenvolvemento e expansión, co obxectivo de atraer novos adeptos. Por iso cómpre facer propostas de análise alternativas, que consigan neutralizar estas formas de actuación, a curto e a longo prazo. Os discursos racistas adoitan acompañarse dunha carga moi perigosa que dificultan e impiden a convivencia entre os distintos grupos culturais. Neste sentido, os centros deben asegurar a atención á diversidade, asentada sempre sobre o principio de igualdade para os colectivos implicados na convivencia e no desenvolvemento compartido da sociedade multicultural, que entre todos e todas construímos día a día.

Bibliografía

BUENO AGUILAR, J. J. (1998) Controversias en torno a la Educación Multicultural. *Heuresis. Revista Electrónica de Investigación Curricular y Educativa* 2, vol. 1. <http://www2.uca.es/HEURESIS/heuresis98/v1n2-3.htm>

BUENO AGUILAR, J. J. (2002) La extraña ambigüedad de la educación intercultural. *Kikiriki. Cooperación educativa* 65, 23-33.

DADZIE, S. (2004) *Herramientas contra el racismo en las aulas*. Madrid, Morata.

McCARTHY, C. (1993) *Racismo y Currículo*. Madrid, Morata.

KINCHELOE, J. e STEINBERG, S. (1999) *Repensar el multiculturalismo*. Barcelona, Octaedro.

SOHAT, E. e STAM, R. (2002) *Multiculturalismo, cine y medios de comunicación*. Barcelona, Paidós Comunicación.

VV. AA. (2007) *Informe anual 2007 sobre el racismo en el estado español. Por la igualdad de derechos. S.O.S. Racismo*. Barcelona, Icaria/Antrazyt.

